



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación inicial do Regulamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo no concello de Pontedeume

ANUNCIO

Aprobación inicial do “Regulamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo no concello de Pontedeume”

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de maio de 2021, aprobou inicialmente o “Regulamento da prestación de servizos na modalidade de teletraballo no concello de Pontedeume”.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública e audiencia dos interesados, polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que poida ser examinado o expediente e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios do concello, na sede electrónica e no portal web do concello de Pontedeume.

No suposto de que non se tiveran presentado reclamacións ou suxestións durante o trámite de información pública, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co que se establece no artigo 49 c) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, procedéndose á publicación á que fai referencia o artigo 70.2 desta lei.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 31 de maio de 2021.

2021/4659